

# MATERIAL DIDÁCTICO

Elaborado por:

**Beatriz Cebrián Ramos**

*Licenciada en Xeografía e Historia*

## GOYA E CAMARÓN: Pintores de cámara.



e

## Vigo, 1809: A RECONQUISTA



MUSEO MUNICIPAL DE VIGO  
"QUIÑONES DE LEÓN"

## ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

As actividades que tedes nesta unidade didáctica son unha selección. Atoparedes estas e moitas máis na seguinte páxina web: [www.museodevigo.org](http://www.museodevigo.org) onde os profesores contarán coa axuda dun apartado de recursos para o mestre, onde se inclúe a teoría e a explicación das actividades. Ademais poderdes levar este material didáctico e seguir traballando con el na aula.

- Dividídevos en grupos. Un de cada grupo verá o cadro, e explicarallo ao resto por medio de **xestos e palabras**. Os demais teñen que **pintar a escena**. Logo comprobaremos os resultados.



- Convertédevos en **PINTORES DE CÁMARA** da corte do século XX. Tedes que pintarlle un retrato oficial a alguén da corte: O Rei Don Xoán Carlos, o Príncipe Felipe, a raíña Dona Sofía ou Dona Letizia, Princesa de Asturias. Ao seu carón pintádelle outro retrato non oficial, tal como o vedes vos. Facede o que poidades, non somos Goya...



- Que che parece o **PAPEL DA MULLER** no século XIX? Pensas que hoxe en día a situación da muller é igual á do home?

- 
- 
- Expresa como che cae cada un deles e ponlle tres adxectivos que ao veres o cadro ti penses que se axustan ao personaxe. ¿Como che cae cada un? ¿Pensas que o artista soubo ir alén do físico e captar a maneira de ser do personaxe? Le os teus adxectivos en alto a ver se coincides con alguén máis.

**Carlos IV**

**Fernando VII**

**Papa Pío VII**

- 
- 
- Antes de contarvos o que pasou en Vigo, reflexionade: Imaxinade que sodes o **ALCALDE DE VIGO** de 1809, Vázquez Varela. ¿Que fariades se chegan os franceses ben armados e moi numerosos á vosa vila e vós só tedes unhas poucas armas e pouquísima xente? ¿Que fariades vós para axudar a reconquistar a vila?

## A HISTORIA INCOMPLETA

Estamos no século [ ]. Despois de que o emperador francés [ ] pedise permiso ao noso rei, Carlos IV, para atravesar España e atacar [ ], o noso país é invadido pouco a pouco. O pobo de Madrid é o primeiro en rebelarse o dous de [ ] de [ ]. Os franceses acaban chegando a Vigo cando [ ] é alcalde da vila . En Vigo o pobo dedicábase a [ ] e os barrios con máis movemento eran o Areal e o [ ]. Como a Xunta do Reino de Galicia convocara aos homes á loita, Vigo estaba desgornecida. O alcalde e o gobernador militar teñen que tomar unha decisión: capitulación ou loita?. Decidíronse pola [ ]. Decatáronse de que debían evitar unha loita desigual e un derramamento de sangue inútil. ¿Como se fan enfrontar [ ] milicianos vigueses contra os escuadróns franceses?. Usaron a estratexia e o diálogo, enganando aos franceses e tramando o cerco á vila

xunto cos de fóra. Fóra vaise xuntando xente disposta a liberar a vila ao mando de militares como [ ] e de cregos como o cura de [ ] .

Os franceses non tiñan apenas víveres e fóra da muralla xuntáronse uns 4000 homes. Ademais, dúas fragatas inglesas, Lively e Venus, axudábanos. Chalot decide capitular, pero pide máis tempo. Ao final, o día 27 de marzo á noitiña comeza o asalto. Un vello mariñeiro do Berbés, de nome [ ] , colle unha machada e ataca a porta da [ ] . O día seguinte os franceses réndense e embarcan nas fragatas dos nosos aliados, os [ ] . Vigo vai deixar de ser unha vila e vaise converter nunha [ ] fiel, leal e valorosa. Os franceses só estiveron aquí [ ] días. Todos os anos celébrase a Reconquista de Vigo lograda o [ ] de 1809. A vitoria conseguiuuse grazas a unión e o diálogo.

Cando os españois botamos fóra do noso país aos franceses, o fillo de Carlos IV, o príncipe herdeiro [ ] , vai ser o noso rei.

Napoleón perdeu a súa última batalla, a de Waterloo, e morrerá na illa de [ ] . Todos estes personaxes foron retratados por pintores de Cámara moi importantes como [ ] ou [ ] . Ademais, podemos ver estes cadros en museos moi próximos como o de “Quiñones de [ ] ”, en Vigo ou no Museo Diocesano de [ ] .

- 
- Imaxina un **DIÁLOGO** entre os retratados e mais Napoleón. Escribe o que diría e pensaría cada un dos demais.



## VIGO EN 1809

Compara o mapa da vila de Vigo do XIX e o actual. Marca no actual por onde irían as murallas e onde estarían os castelos. Atopa no mapa do Vigo actual algo que lembre á Reconquista.



© CARLOS NÚÑEZ



- Resolve a seguinte **SOPA DE LETRAS**. ¿Cántos nomes relacionas coa exposición?

L I V E L Y A T C  
K I H E J U O U A  
G O Y A O N B I C  
I V P S E D M O H  
E B C Q K I A S A  
P Z X U I F G Y M  
E E W J R I D N U  
P L I K O A I M I  
N A P O L E O N Ñ  
P I O V I I I K A

---

### Poñamos a proba a vosa memoria..... **VERDADE OU MENTIRA?**

- O bicentenario da Reconquista de Vigo será en 2009
- Xosé I ou “Pepe Botella” era irmán de Napoleón
- Vigo foi sempre unha cidade leal e valorosa
- Adeus en francés dise *au revoir*
- Os pintores de Cámara pintaban o que querían
- Os cegos como Vázquez Varela tamén loitaron
- Carolo recibiu tres disparos tirando a porta da Gamboa
- En Vigo houbo moitos mortos na Reconquista
- Vigo foi a vila de España menos tempo ocupada polos franceses
- As rúas da vila viguesa do XIX eran amplas e limpas
- Vigo vivía principalmente do mar
- Cando marcharon os franceses, o noso rei pasou a ser Fernando VII
- O pobo de Vigo venceu grazas á intelixencia e á unión
- Goya foi pintor de Cámara de Carlos IV
- O Cristo da Vitoria non existía antes da Reconquista
- O Museo Diocesano de Tui garda dous cadros de Goya
- Vázquez Varela e Villavicencio foron intelixentes e usaron a diplomacia para que non houbese un baño de sangue
- En Vigo non queda nada que lembre á Reconquista
- As fragatas inglesas chamábanse Cliveliny e Venus
- Vigo pertencía no XIX á provincia de Tui
- O Papa Pío VIII coroou a Napoleón como emperador